



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santiago de Louro. Extensión: 0,82 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dun imponente bloque granítico de forma cupuliforme que dende o nivel do mar alcanza os 230 metros de altura. A unidade, situada nas súas ladeiras surorientais, presenta pronunciados desniveis, que se acrecentan dende o norte (40%) cara ao sur (60%), e que dan lugar aos grandes acantilados que a caracterizan. Cabe resaltar as numerosas formas erosivas sobre o granito que se poden apreciar nesta unidade. Inclúe o EIX Relevo granítico de Monte Louro e complexo sedimentario costeiro da Lagoa das Xarfas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio herciniano. Toda ela se modela nun granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado de dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15° C e a amplitude térmica rolda os 13° C. As precipitacións medias oscilan entre un mínimo de 1200 mm e un máximo de 1400 mm ao ano.

OS SOLOS

Unidade de natureza acantilada na que dominan os solos pobres, esqueléticos e de escaso desenvolvemento en profundidade, fundamentalmente letposoles líticos, con abundancia de afloramentos do rochedo granítico subxacente.


AS AUGAS

O carácter montañoso desta unidade, ocupando toda a ladeira do Monte Louro, limita a existencia de cursos fluviais, restrinxíndoos a pequenas valgadas. O mar destas Augas Costeiras recibe o código 20147.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade completamente comprendida no LIC Monte e Lagoa de Louro. Fronte acantilado na que se atopan os hábitats 1230, de acantilados mariños atlánticos e o 1210, de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, aproveitando as praias de coios. No interior dominan amplamente os ambientes do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Entre eles aparecen zonas de matogueira, en concreto do 4040, breixeiros secos costeiras atlánticas de Erica vagans e, máis arriba, nas ladeiras, a breixeira seca europea (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha unidade de marcado carácter natural, sen apenas usos antrópicos, máis alá do legado da súa paisaxe.

MORFOLOXÍA

Non existe ningún asentamento consolidado, tan só na zona norte da unidade, ao pé dos acantilados destacan dúas construcións. A primeira é unha vivenda unifamiliar de segunda residencia, e a outra unha fábrica de salgadeira rehabilitada como casa de turismo rural.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A única estrada que existe é a que leva ao Faro de Louro, transita pola fachada leste do Monte Louro, seguindo a liña costeira polas zonas de menor altura e pendente.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural existente na unidade componse da fábrica de salgadeira próxima á Praia de Fogateira e o Faro de Louro, está situado na Punta do Queixal, na embocadura da ría de Muros. No pico norte, consérvanse os restos de ermida dedicada a Santa María Madalena.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade presenta un carácter exclusivamente natural. O Monte Louro é unha elevación ao bordo do mar, formando unha pequena península entre as praias de Area Maior e San Francisco, que marca o comezo da Costa da Morte. Presenta dous cumios ben diferenciados: un de 226 m e outro de 244, onde nas súas vertentes predominan os piñeiros e algún carballo.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade representa un fito paisaxístico na costa galega, constituindo un medio natural dun indiscutible valor ecolóxico. Ao pé deste monte granítico, sitúanse por un lado o mar en toda a súa inmensidade, e por outro a lagoa de Xarfas, cunha gran riqueza biolóxica. O Monte Louro ten unha gran riqueza simbólica para os habitantes da costa do Barbanza. A súa silueta, sempre presente, recórtase no horizonte e co seu faro avisa pescadores e navegantes da proximidade dos seus acantilados, testemuñas de moitos naufraxios. Descata el punto de observaciónn ubicado en el faro de Louro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



